
Proxecto Xornada Única

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CORPIÑO



Proxecto Xornada Única	1
Introducción	3
Datos do centro	3
Datos principais	3
Alumnos escolarizados	4
Proceso de implantación da xornada única	4
Disposicións legislativas	4
Requisitos.....	5
Obxectivos	5
Obxectivos xerais	5
Obxectivos específicos.....	6
Vantaxes	7
Criterios Psicopedagóxicos.....	7
Criterios Sociofamiliares	7
Horarios	9
Horario proposto de Xornada Única.....	9
Horario para o alumando e tempos de lecer.....	9
Horario do profesorado	11
Relacións coas familias	12
Servizo ofertados co Proxecto de Xornada única	12
Servizo de transporte.....	12
Actividades complementarias.....	13
Plan de actividades extraescolares (ANPA e Concello).....	13
Actividades gratuitas ofertadas polo centro	14
Actividades ofertadas e organizadas pola ANPA.....	14
Actividades ofertadas e organizadas polo Concello	14

Introducción

O CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño é un centro situado en plena Terra Chá, onde a maioría das familias se adican á actividades do sector primario ou ao sector servizos, tratando de conciliar así a vida familiar, laboral e a xornada escolar.

Este proxecto xorde como resposta á demanda de numerosos membros da comunidade educativa, que solicitan unha modificación no horario escolar, tratando de aproveitar mellor as horas de maior rendemento, favorecendo a conciliación da vida familiar, procurando un horario semellante aos centros da nosa contorna (IES Río Miño de Rábade, CEIP Otero Pedrayo de Rábade, CEIP Laverde Ruiz de Outeiro de Rei, que favoreza unha xestión educativa a longo prazo, unha estabilidade do profesorado do centro así como unha continuidade na xestión actual do servizo de comedor.

Datos do centro

Datos principais

Nome do centro: CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño

CIF: Q7755014C

Niveis educativos: Educación Infantil e Primaria

Dirección: Rúa da Igrexa s/n

Código Postal: 27373

Concello: Begonte

Provincia: Lugo

Teléfono: 982870089

Fax: 982870090

Enderezo electrónico: ceip.virxe.corpinho@edu.xunta.gal

Alumnos escolarizados

Educación Infantil 27 alumnos/as	4º	10 alumnos/as
	5º	8 alumnos/as
	6º	9 alumnos/as
Educación Primaria 45 alumnos/as	1º	11 alumnos/as
	2º	4 alumnos/as
	3º	6 alumnos/as
	4º	8 alumnos/as
	5º	7 alumnos/as
	6º	9 alumnos/as

Alumnos transportados:	49 alumnos/as
Alumnos de servicio de comedor	70 alumnos/as

Proceso de implantación da xornada única

Disposicións legislativas

Para a creación do documento e o plantexamento do Proxecto de Xornada Única teranse en conta as seguintes ordes:

1. **Orde do 29 de maio de 2008** pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e

primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados.

2. **Orde de 23 de xuño de 2011**, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Requisitos

- Acordo favorable por maioría dos tres quintos do claustro.
- Acordo favorable por maioría dos tres quintos do consello escolar.
- Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
- Acordo favorable do 58 % do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado (computarase, a efectos de censo, a nai ou o pai ou un dos titores legais).
- Plan específico de actividades extraescolares.

Obxectivos

Obxectivos xerais

- Mellorar a calidade de vida dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Potenciar ao máximo as aprendizaxes e a adquisición das competencias clave do noso alumnado, así como a formación permanente de todo o equipo docente.
- Garantir unha xestión estable a longo prazo do centro educativo.
- Asegurar a continuidade na organización actual do servizo de comedor.
- Favorecer a estabilidade do profesorado no centro asegurando a continuidade de proxectos como o Plurilingüismo, Edixgal, Plambe, Plan Proxecta... e calquera outro proxecto que requira continuidade para o seu desenvolvemento.

Obxectivos específicos

- Aumentar o rendemento académico do alumnado, entendendo que as horas da mañá aseguran un mellor rendemento académico, cun maior nivel de atención e motivación, con máis capacidade de concentración e rendemento intelectual.
- Posibilitar o estudo persoal do alumnado, segundo os criterios da psicoloxía evolutiva, facilitándolles o tempo necesario para a asimilación e interiorización do seu propio traballo.
- Facilitar a organización do tempo por parte das familias das alumnas e alumnos, e do profesorado, evitando as perdas deste derivadas dos desprazamentos sistemáticos ao centro pola mañá e pola tarde, favorecendo o incremento da convivencia familiar.
- Posibilitar o descanso do alumnado de menor idade despois de xantar.
- Aumentar o tempo dispoñible do alumnado para participar nas actividades de educación non formal ofertadas no Concello e bisbarra (Conservatorios e escola de música, escolas deportivas, actividades extraescolares, escolas de idiomas...), permitindo adiantar o inicio destas e facilitando que o alumnado dispoña de tempo suficiente para realizar a súas tarefas escolares e tempo libre para o lecer.
- Facilitar o paso ao instituto habituando aos alumnos e alumnas á xornada única.
- Igualar o horario do centro cos centros educativos da comarca.
- Optimizar a tarefa do profesorado nos períodos non lectivos, ao dispor dun tempo máis axeitado para planificar o seu traballo, asistir a reunións, cursos de perfeccionamento, atender aos pais e nais... repercutindo favorablemente na práctica docente e na elaboración de materiais.
- Aproveitar mellor todos os recursos e infraestruturas dos que dispón o centro.
- Dinamizar o uso da Biblioteca Escolar, ao permanecer aberta fóra do horario lectivo, facilitando a lectura, estudo, xogos educativos... estando custodiada polo profesorado do centro.

Vantaxes

Criterios Psicopedagógicos

- O rendemento intelectual é maior durante a xornada de mañá ca nas horas posteriores ó xantar por razóns fisiolóxicas obvias que inflúen no nivel de concentración.
- Non se producen interrupcións horarias que perxudiquen a atención.
- Facilita ó alumno/alumna máis tempo para a realización das tarefas escolares, posibilitando a adquisición de hábitos de estudo e traballo persoal.
- Seguindo a curva de fatiga de Emil Krapelin, para o alumnado de menor idade tampouco representa estar máis canso co horario continuo, xa que se alternan actividades que requiren maior concentración con outras máis lúdicas.
- Coa xornada única evítase a interrupción e pouco aproveitamento de hora e media de espera para reanudar as clases. Tras o tempo de comedor, en moitas ocasións resulta difícil conseguir que se relaxen na entrada da tarde.
- Co horario continuado o paso ó instituto non supón unha ruptura tan significativa cos hábitos de estudo do colexio. Facilítase así a adaptación dunha etapa á outra.
- A xornada continua non supón unha redución da xornada escolar nin para o alumnado nin para o profesorado, senón unha ampliación das posibilidades formativas, xa que as tardes ofrécense como unha alternativa na formación dacordo coas aficións e intereses dos nenos e nenas nas actividades extraescolares.
- As actividades extraescolares do centro (biblioteca) son gratuitas, polo tanto, accesibles a todo o alumnado.
- A xornada continua permite sacarlle un maior aproveitamento ás instalacións e recursos do centro (o horario de apertura é máis amplo, pódese aproveitar máis a biblioteca do mesmo...).

Criterios Sociofamiliares

- As nenas e nenos que comen na casa, coa xornada partida en moitas ocasións dispoñen de pouco tempo, o que supón comer rapidamente, malas dixestións, estrés...
- Ao comer cando remata a xornada “curricular” o xantar faise dun xeito máis relaxado.
- Coa xornada partida prodúcese un desaxuste de horarios no xantar entre os días lectivos e os fins de semana, nos que se adoita comer máis tarde.
- En moitas ocasións, coa xornada partida, o horario non coincide co de irmáns que van ao instituto, tendo que comer a distintas horas co trastorno familiar que iso supón.

Horarios

Horario proposto de Xornada Única

Setembro e xuño

Hora	Sesións
9:30-14:30	Lectivas
14:30-16:00	Comedor
16:00	Transporte escolar

Outubro a maio

Hora	Sesións
9:30-14:30	Lectivas
14:30-16:00	Comedor
16:00	Transporte escolar
16:00-18:00	Servizo de biblioteca
16:00	Actividades extraescolares (Concello)

Horario para o alumnado e tempos de lecer

Setembro e xuño

- O período obrigatorio de mañá desenvolverase de luns a venres de 9:30 a 14:30 horas.
- A entrada será ás 9:30 da mañá e a saída ás 14:30 horas, para os alumnos e alumnas non usuarios do servizo de comedor.
- A entrada será ás 9:30 da mañá e a saída ás 16:00 horas, para os alumnos e alumnas usuarios do servizo de comedor.
- Haberá transporte escolar ás 16:00. Os alumnos/as non transportados deberán de ser recollidos polas familias.
- Non haberá actividades extraescolares nin servizo de biblioteca nos meses de setembro e xuño.

Hora	Sesi3ns	Duraci3n
09:30 – 10:30	1 ^a	60 minutos
10:30 – 11:25	2 ^a	55 minutos
11:25 – 12:15	3 ^a	50 minutos
12:15 – 12:45	Recreo	30 minutos
12:45 – 13:40	4 ^a	55 minutos
13:40 – 14:30	5 ^o	50 minutos
14:30 – 16:00	Comedor	90 minutos
16:00	Transporte Escolar	

Outubro a maio:

- O per3odo obrigatorio de ma3a desenvolverase de luns a venres de 9:30 a 14:30 horas:
- A entrada ser3 a3 9:30h da ma3a e a sa3da a3 14:30 horas, para os alumnos e alumnas non usuarios do servizo de comedor.
- A entrada ser3 a3 9:30h da ma3a e a sa3da a3 16:00 horas, para os alumnos e alumnas usuarios do servizo de comedor e transporte que non acudan a actividades extraescolares. Aqueles que non usen o servizo de transporte e non acudan a actividades deber3n ser recollidos polas familias.
- As actividades extraescolares desenvolvidas polo Concello ter3n lugar pola tarde a partir das 16:00. Ademais, o centro ofrece de forma gratuita o servizo de biblioteca en horario de 16:00 a 18:00 horas. En ambos casos, o alumnado deber3 ser recollido polas familias.

Hora	Sesi3ns	Duraci3n
09:30 – 10:30	1ª	60 minutos
10:30 – 11:25	2ª	55 minutos
11:25 – 12:15	3ª	50 minutos
12:15 – 12:45	Recreo	30 minutos
12:45 – 13:40	4ª	55 minutos
13:40 – 14:30	5º	50 minutos
14:30 – 16:00	Comedor	90 minutos
16:00	Transporte Escolar	

Horario do profesorado

· Horario lectivo

Hora	Sesi3ns
9:30-14:30	Lectivas

· **Horario non lectivo:** O profesorado completará o seu horario en sesi3ns de tarde.

Todos os **martes** e todo o profesorado:

Hora	Sesi3ns
16:00-17:00	Atenci3n 3s familias
17:00-18:00	Comisi3n de Coordinaci3n Pedag3gica, Equipo de Dinamizaci3n da Lingua Galega, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipos de ciclo, Equipo de Biblioteca, Claustros e Consellos Escolares. Actividades de Fomaci3n no propio centro.

A maiores, tódolos días (agás os martes), de 16:00 a 18:00 permanecerán no colexio mestres/as que se encargarán de realizar as gardas do Servizo de Biblioteca ofertado.

****** Con estos horarios, **en calquera caso garántese** o cumprimento estrito da lexislación, en Educación Infantil e Primaria e os requisitos para realizar o Proxecto de Xornada Única:

- As 5 horas lectivas
- O funcionamento dos servizos ofertados na actualizade: Servizo de comedor, Transporte e Actividades Extraescolares
- As xuntanzas dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro, así como a atención a pais e nais.

Relacións coas familias

Dada a importancia da colaboración dos pais/nais co centro na educación dos seus fillos/as, facilitarase ao máximo a súa relación cos/as Titores/as e Profesores/as dos seus fillos/as.

O horario do Profesorado para estas tarefas será de 16:00 horas a 17:00 horas todos **os martes**.

Atenderanse as necesidades específicas noutro horario cando as familias o precisen, como ven sendo habitual no centro.

Servizo ofertados co Proxecto de Xornada única

Servizo de transporte e comedor

O cambio de horario xornada partida a xornada continuada non vai supoñer ningún cambio significativo na organización dos servizos de transporte ou comedor escolar. O servizo de comedor continuará xestionado polo propio centro coa participación das familias na xestión e gardas, tal como se ven desenvolvendo actualmente.

Actividades complementarias

Realizaranse as actividades complementarias: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas e todas as incluídas no Calendario Escolar, saídas escolares e excursións que xa veñen sendo tradicionais neste centro e aquelas novas que polo seu interese merezan ser incluídas e que se concretarán na Programación Xeral Anual do curso.

Plan de actividades extraescolares (Concello)

O Plan de actividades extraescolares que se desenvolverán pola tarde no centro será semellante ao que se ven desenvolvendo na actualidade coa salvedade de que se verán incrementadas coa oferta da actividade de Biblioteca no centro.

O horario habitual das actividades será a partir das 16:00 horas, todos os días lectivos do curso, de luns a venres, ámbolos dous inclusive, menos os meses de setembro e xuño.

Ao fronte de cada actividade, estará un monitor/a correspondente ou profesor/a responsable da mesma. Todas as actividades caracterizaranse por:

- a) Ser de carácter voluntario.
- b) Ser actividades abertas e de interese para todo o alumnado deste centro.
- c) Non ter carácter discriminatorio.

A maiores, todas estarán recollidas na Programación Xeral Anual que será aprobada ao comezo do curso académico polo Consello Escolar.

Actividades gratuitas ofertadas polo centro

Todos os días da semana agás os martes

Biblioteca

16:00-18:00

O alumnado que desexe empregar a biblioteca terá que entrar nos espazos directamente desde o comedor (previa autorización da familia). Unha vez rematen as horas do Servizo de Biblioteca as familias deberán recoller aos alumnos.

** Este servizo de biblioteca ofertarase xunto coas actividades extraescolares (Concello), de outubro a maio, todos os días agás os martes, debido a que este é o día no que o profesorado ten as horas de reunións e titorías coas familias.

Actividades ofertadas e organizadas polo Concello

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
16:00	-Multideporte -Patinaxe -Xadrez	-Natación -Zumba	-Teatro	-X. Rítmica	-Tenis
17:00	-Voleibol -Bádminton -Fútbol Sala	-Costura a man e creativa -Música	-Baloncesto -Informática e mecnografía -Pádel	-Inglés -Baloncesto	-Robótica